GALIZA EN LOITA POR UNHA VIDA DIGNA

O medre constante e imparábel dos prezos fai máis difíciles as condicións de vida, levando á ruína o pobo e as clases traballadoras galegas. Á suba da electricidade, dos combustíbeis e de moitos produtos de primeira necesidade, ao que hai que engadir unha grave deterioración dos servizos públicos e retroceso nas políticas sociais.

A vivenda é un dereito fundamental para todas as persoas pero a especulación converteuna nun luxo inacesíbel para a maioría social.

Unha suba descontrolada dos prezos, agravada pola sequía, pero provocada polas guerras imperialistas e a ofensiva belicista que os Estados Unidos teñen en marcha, que conta co entreguismo da Unión Europea e do Estado español. Perigosa deriva militarista que está a aumentar escandalosamente o gasto militar dos Estados e o criminal papel da OTAN.

Unha inflación que está aumentando as débedas das familias, polo que moitas delas non teñen onde vivir ou como acceder a bens e servizos básicos. Un encarecemento da vida que multiplica os efectos negativos que xa veñen causando **as precarias modalidades de contratación impostas polas sucesivas reformas laborais** (a tempo parcial, fixa-descontinua, ETT, etc.,), que impiden ter condicións laborais e salariais estábeis e con dereitos.

Fronte a esta realidade, o capital segue enriquecéndose de forma imparábel, obtendo beneficios astronómicos. **O IBEX 35 fulmina resultados e as empresas chegan a cifras nunca antes rexistradas**. Velaí os últimos datos feitos públicos polas empresas enerxéticas, os bancos ou as do sector do comercio da alimentación, etc.

As respostas dos gobernos demostran pouca vontade para darlle solución a esta crúa situación que padecemos a maioría social, tendo nula disposición a tomaren medidas contra o capital. A presión exercida polas grandes empresas sobre os mercados con manobras especulativas permítelles seguir controlando os prezos e aumentar a súa marxe de ganancia, facendo que os seus beneficios sigan sendo cada vez máis extraordinarios.

Todo isto pasa cando o capitalismo está nunha tendencia cada vez máis reaccionaria no social, no económico e no político. **Alentan a ultradereita, a extrema dereita e o fascismo, que no noso caso é fomentando a ideoloxía españolista e negando a realidade plurinacional do Estado español**. Repiten o feito noutros momentos da historia e onde **Galiza nos vemos claramente perxudicados**: reforzar os mecanismos de explotación e represión ante o aumento do descontento social pola d**ureza das súas políticas económicas que xeran desemprego, baixos salarios e aumento da pobreza**.

Hai que dar un paso adiante e comprometerse para que sexa maior a capacidade das forzas sindicais, sociais e políticas soberanistas, atraves da loita social, as que impidamos, como até o de agora, que vaian a máis estas derivas españolistas e reaccionarias.

Compre ir a máis na resposta que levamos meses promovendo, coas folgas en moitos convenios colectivos, e **avanzar coa convocatoria de Folga Xeral para o 11 de novembro**.

Temos que evitar que **a clase traballadora galega paguemos, máis unha vez, esta nova crise**, cando outras políticas públicas son necesarias e posíbeis, como vimos defendendo coas Propostas **por unha Galiza con Dereitos, Traballo Digno e Igualdade**.

11 DE NOVEMBRO

FOLGA XERAL

CIG
Confederación Intersindical Galega

É **urxente a mobilización** porque é inaprazabel a aprobación polo Goberno galego e Goberno español un **Plan de Choque** asentado en:

1.- **Paralizar o aumento do gasto militar e anular** o que se ten aprobado para destinalo á protección social, servizos públicos e ter **un sistema público galego digno de atención ás persoas**.

2.- **Intervención pública nos sectores estratéxicos**, como o financeiro, enerxético, alimentación, vivenda e mobilidade para garantir **uns mínimos de benestar social**.

3.- **Fixar nos 1.374,74 euros mensuais o SMI con carácter retroactivo desde o 1 de xullo de 2026 para cumprir xa a Carta Social Europea** (60% do salario medio). Garantir o carácter **non compensábel nin absorbíbel de ningún dos complementos salariais. Aprobar a descentralización do SMI** para que en Galiza teñamos competencia para mellorar o estatal.

4.- Promover **o dereito á negociación colectiva**, o poder adquisitivo dos salarios e as cláusulas revisión salarial conforme o IPC real, garantindo a prevalencia dos convenios galegos fronte aos estatais.

5.- Os gobernos fixarán por **lei prezos populares en produtos básicos de alimentación e prezos xustos para quen os produce**. Demandamos **actuacións contra quen especula** nos mercados, contra as empresas enerxéticas e do comercio de alimentación.

6.- **Prohibir os desafiuzamentos, conxelar as cláusulas** das rendas dos alugueiros e que non se apliquen as subas de xuros nas hipotecas.

7.- Aprobar un **Plan de acción que poña a disposición inmediata todas as vivendas da SAREB** para os sectores sociais máis necesitados. Intervir o mercado da vivenda fixando **os prezos máximos de aluguei-ro acordes co salario medio do lugar**, que obrigatoriamente deberán cumprir os grandes posuidores. Creación dun **Banco Galego de Vivenda para aluguer social**.

8 .- **Creación dunha Empresa Pública Galega de Electricidade**, que garanta a enerxía ao servizo do pobo. Aprobación dunha **Tarifa Eléctrica Galega**, abaratando a factura da electricidade, tendo en conta o carácter produtor e exportador de enerxía que ten o noso país. Así mesmo, aprobar unha reforma do marco legal para **limpar da factura os cargos** que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico, eliminar o mercado marxinalista e cambiar o sistema de fixación de prezos e **desvincular o prezo da electricidade do prezo do gas**.

9.- Fixación polo Goberno dun prezo máximo da gasolina e do diésel mentres non se estabilicen os prezos e non se avance nunha solución fiscal xusta, tomando como base o prezo medio nas gasolineiras ao 24 de febreiro de 2022.

10.- **Reforzar os servizos de mobilidade** aumentando as frecuencias, ampliando os horarios para facilitar os desprazamentos, reducindo as exixencias para o acceso a maiores descontos e **ampliar os traxectos gratuítos**.

11 de novembro, paremos todo coa Folga Xeral!

MOBILIZACIÓN

FERROL: 12:00h. Local CIG (Avenida de Esteiro)

AS PONTES: 12:00h. Praza do Concello

CIG

Confederación Intersindical Galega